

## O Consorcio de Santiago organiza unha visita guiada á súa sede e algunhas das súas intervencións no marco da Semana da Administración Aberta

O pasado día 12 de xuño o Consorcio de Santiago celebrou a iniciativa Semana da Administración Aberta cun percorrido comentado por espazos destacados da cidade que contan con intervencións recentes do organismo. A visita comezou na sede do Consorcio, situada no Pazo de Vaamonde, onde a súa xerente Belén Hernández explicou aos asistentes en que consiste o traballo ordinario do organismo. A continuación, Idoia Camiruaga, arquitecta da oficina técnica do Consorcio, acompañou aos participantes nun percorrido polo Pazo de Raxoi, pola Igrexa de San Fructuoso, polo Museo do Pobo Galego e polas piscinas do Sar, mentres lles mostraba en detalle as obras realizadas polo Consorcio.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-semana-de-administracion-aberta-cunha-visita-guiada-sua-sede-e>

## Semana da Administración Aberta



## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

# INCONFORMISTAS

a nova temporada 2024/2025  
da Real Filharmonía de Galicia centrada na innovación dos compositores e compositoras



A Real Filharmonía de Galicia presentou o día 14 de xuño as chaves da temporada 2024/2025 nun acto desenvolvido na Escola de Altos Estudos Musicais, que contou coa participación de Goretti Sanmartín, alcaldesa e presidenta do Consorcio da Cidade de Santiago; Miriam Louzao, concelleira de Capital Cultural; Belén Hernández, xerente do Consorcio de Santiago; Xaquín López, director-xerente do Auditorio de Galicia; Baldur Brönnimann, director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia; Sabela García Fonte, directora técnica da Real Filharmonía de Galicia; e Raquel García-Tomás, a primeira compositora en residencia da RFG.

'Inconformistas' é o lema desta nova temporada co foco en creadores e creadoras que ousaron desafiar as normas establecidas abrindo novos territorios sonoros. Deste xeito, a programación ten como fío condutor a música de tres figuras destacadas da composición: Ludwig van Beethoven, Hector Berlioz e Raquel García-Tomás. Ademais, esta temporada contará coa participación da violinista francesa Amandine Beyer, que será artista en residencia.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-semana-de-administracion-aberta-cunha-visita-guiada-sua-sede-e>

## A Real Filharmonía de Galicia presenta a súa programación para o verán

A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá este verán diversos concertos en senllas cidades galegas co obxectivo de achegar a cultura a unha maior parcela da poboación. Vila de Cruces, Lalín, Celanova, Vigo e Santiago de Compostela recibirán durante os meses de xullo, agosto e setembro á RFG. Nesta última cidade a orquestra actuará en zonas emblemáticas, como por exemplo, a Igrexa de Santo Agostiño e a Praza da Quintana, onde as presentacións serán totalmente gratuítas. Para obter máis información sobre a compra de abonos, consultar as webs da RFG ou Compostela Cultura.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/o-real-filharmonia-de-galicia-leve-a-musica-clasica-a-diversas-cidades-galegas-este-veran/>



## ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



## Alumnos da EAEM participan nun concerto extraordinario xunto a Real Filharmonía de Galicia

O pasado 6 de xuño tivo lugar no Teatro Principal un concerto extraordinario, no cal cinco alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral interpretaron, como solistas, obras da súa elección xunto a Real Filharmonía de Galicia. O oboísta Sergio Rodríguez, a frautista Marta Zlatkovic, o clarinetista Victor Lardiés, o trompa Pablo de Miguel e o violinista David Poghosyan interpretaron pezas de Jean Francaix, Richard Strauss e Camille Saitn-Saëns. Ademais, houbo a estrea absoluta da composición Elexia, canción e danza, do alumno Sergio Rodríguez.

Máis información:

<https://eaem.es/gl/noticias/concerto-extraordinario-de-cano-cua-real-filharmonia-de-galicia/>



## A EAEM celebra os concertos de fin de curso dos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Durante o mes de xuño o Auditorio da Escola de Altos Estudos Musicais acolleu os concertos de fin de curso dos alumnos e alumnas do Curso Avanzado de Especialización Orquestral. O alumnado tivo a oportunidade de realizar unha interpretación solista destacada nestes espectáculos públicos, onde soaron pezas de grandes autores como Tchaikovsky, Cezar Franck, Bach, Mozart, Beethoven e Strauss.

Galería imaxes:

<https://eaem.es/gl/noticias/proximos-concertos-da-eaem/>